



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (AUXILIARES ADMINISTRATIVOS) CON DESTINO AOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS DO CONCELLO DE FISTERRA – ANO 2022

APELIDOS E NOME: _____

DNI: _____

FASE DE OPOSICION

SEGUNDO EXERCICIO – PROBA PRÁCTICA

Contestar por escrito nun período máximo de dúas (2) horas ao seguinte cuestionario, composto de dous (2) supostos prácticos de 8 preguntas cada un deles, con respostas alternativas nas que só unha resposta é a correcta.

Este exercicio terá carácter eliminatorio e puntuarase ata un máximo de oito (8) puntos, sendo necesario obter un mínimo de catro (4) puntos para superalo.

Sistema de avaliación. Cada pregunta respondida de forma correcta puntuarase con 0,5 puntos. As preguntas contestadas de forma incorrecta non restarán ningunha puntuación.

Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal procederá á publicación das puntuacións e convocará a aqueles/as que non declarasen estar en posesión do título CELGA 3 ou superior, a efectos de coñecemento da lingua galega.

CASOS PRÁCTICOS



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

CASO PRÁCTICO I

O Concello de Fisterra encontrase plenamente adaptado ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e conta con ordenanza reguladora da administración electrónica.

Así as cousas, don Raúl Miguel Martínez Lorenzo, avogado e representante legal de don Santiago Román Fernández Santos, acude en persoa ao Rexistro Xeral do Concello de Fisterra e diríxese a un auxiliar administrativo solicitando que lle rexistre un documento que aporta en soporte papel, consistente na solicitude de licenza urbanística acompañada de proxecto técnico para a construción dunha vivenda unifamiliar que se localizará na Avenida da Anchoa, 294 deste termo municipal de Fisterra.

Reponde as seguintes preguntas:

1ª) O auxiliar administrativo encargado do rexistro, recórdalle a don Raúl Miguel Martínez Lorenzo, que segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, é unha das persoas que están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas. É correcta a actuación da persoa encargada do rexistro?

a) Non. O auxiliar administrativo actúa incorrectamente, xa que o dereito de petición é un dereito protexido constitucionalmente, e polo tanto calquera persoa física ou xurídica, pode elixir en todo momento, a forma de comunicarse coas administracións públicas.

b) Si. O auxiliar administrativo actúa correctamente, xa que a Lei 39/2015, do Procedemento Administración Común, establece que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, aquelas persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

c) As dúas respostas anteriores son incorrectas.

2ª) Iniciada a tramitación do expediente e incluído o informe técnico do arquitecto municipal e o informe xurídico do secretario, tendo en conta a distribución de competencias prevista na Lei 7/1985, do 2 de abril, quen é o órgano competente para o outorgamento ou denegación da licenza urbanística solicitada?:

a) Segundo a distribución de competencias establecida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente para a seu outorgamento ou denegación é o Pleno da Corporación.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

b) Segundo a distribución de competencias establecida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente para a seu outorgamento ou denegación é a Xunta de Goberno Local.

c) Segundo a distribución de competencias establecida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente para a seu outorgamento ou denegación é o Alcalde-Presidente, con posibilidade de delegación.

O órgano competente, á vista dos informes desfavorables do arquitecto e do secretario da corporación, resolve denegar a licenza urbanística solicitada e así se lle notifica ao interesado.

Así as cousas, don Raúl Miguel Martínez Lorenzo, avogado e representante legal de don Santiago Román Fernández Santos, presenta un escrito no concello de Fisterra, coa finalidade de recorrer o acordo polo que se lle denega a concesión da licenza urbanística a don Santiago Román.

3ª) Pode don Raúl Miguel Martínez Lorenzo, sen máis, interpoñer o recurso fronte á denegación da licenza de obras a don Santiago Román?

a) Baixo ningún concepto don Raúl Miguel pode presentar o recurso, xa que estaría suplantando a identidade de don Santiago Román.

b) Para que don Raúl Miguel poda presentar o recurso, don Santiago Román debe estar presente nese acto.

c) A falta ou insuficiente acreditación da representación por parte de don Raúl Miguel non impedirá que se teña por realizado o acto, sempre que se subsane a falta dentro do prazo legalmente establecido.

4ª) Que recurso debe interpoñer don Santiago Román, contra a resolución que lle denega a licenza de obras que solicitou?

a) Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que o ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

b) Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos potestativamente en reposición, ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

c) Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos a través do recurso extraordinario de revisión, ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

5ª) O recurso a que se refire o apartado anterior, é necesario, ou poderíase acudir directamente á administración de Xustiza?

- a) Antes de acudir á xurisdición contenciosa é obrigatorio presentar recurso potestativo de reposición.
- b) Nada impide presentar recurso potestativo de reposición e ao mesmo tempo acudir á xurisdición contencioso-administrativa.
- c) A presentación do recurso de reposición é potestativa. Pódese acudir directamente á xurisdición contenciosa.

6ª. Que prazo ten don Santiago Román para presentar recurso contra o acordo polo que se lle denega a licenza urbanística para a construción dunha vivenda unifamiliar?

- a) Como a resolución é un acto expreso, o prazo de interposición do recurso será de un mes.
- b) Como a resolución é un acto presunto, o prazo de interposición do recurso será de dous meses.
- c) O prazo para a interposición do recurso coincidirá co prazo de prescrición do acto administrativo, polo que será de catro anos.

7ª) ¿Que prazo ten o concello para resolver e notificar a resolución deste recurso?

- a) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de quince días.
- b) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de dous meses.
- c) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de un mes.

8ª) ¿Como se debe entender o silencio administrativo, se o concello de Fisterra non responde ao recurso presentado?

- a) Neste caso o silencio administrativo é favorable ao interesado.
- b) Neste caso o silencio administrativo é desestimatorio.
- c) Neste caso o silencio administrativo non existe, o concello de Fisterra está obrigado a responder por escrito.

Se a administración deixa transcourir o prazo legalmente establecido e non responde, o silencio administrativo é desestimatorio.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

PREGUNTA RESERVA

1º) No caso de que o concello responda en prazo, por escrito e en sentido negativo ao recurso presentado por don Santiago Román, cal é o prazo que ten o interesado para acudir á vía contencioso-administrativa?

a) O interesado pode interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, ou á súa elección o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

b) O interesado pode interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, ou á súa elección o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

c) O interesado pode interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, ou á súa elección o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de nove meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

CASO PRACTICO II

Tendo en conta que Fisterra é un concello con menos de 5.000 habitantes, responde as seguintes preguntas:

9ª) Na sesión de constitución da Corporación, procedese á elección do Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas. Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo. Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no concello. En caso de empate resolverase por sorteo.

b) Poden ser candidatos todos os concelleiros. Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo. Se ningún deles obtén o apoio da maioría absoluta dos membros da corporación, é proclamado alcalde o concelleiro que reciba máis votos ao seu favor. En caso de empate resolverase por sorteo.

c) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas. Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo. Se ningún deles obtén o apoio da maioría absoluta dos membros da corporación, convocarase nova sesión, dous días hábiles despois, e será proclamado alcalde o concelleiro que reciba mais apoios ao seu favor. En caso de empate resolverase por sorteo.

10ª) Cal é a periodicidade preestablecida para celebrar, como mínimo, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

a) O pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes, nos concellos de ata 5.000 habitantes.

b) O pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses, nos concellos de ata 5.000 habitantes.

c) O pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada tres meses, nos concellos de ata 5.000 habitantes.

11ª) O Alcalde quere convocar sesión ordinaria do pleno da corporación. Con canta antelación debe convocarse?

a) As sesións plenarias, han de convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación.

b) As sesións plenarias, han de convocarse, como máximo, con dous días hábiles de antelación.

c) Non hai establecido un período máximo nin mínimo para a convocatoria das sesións plenarias.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

12º) Para a válida constitución do pleno ordinario convocado polo Sr. Alcalde-Presidente, requírese a asistencia:

- a) De 1/3 do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres (3). En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do secretario da corporación ou de quen legalmente os substitúan.
- b) De 1/3 do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres (3). En todo caso, requírese a asistencia do Presidente da corporación ou de quen legalmente o substitúa.
- c) De 1/3 do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres (3). En todo caso, requírese a asistencia do secretario da corporación ou de quen legalmente o substitúa.

13ª) Un dos puntos a tratar no pleno ordinario é a proposta de aprobación, se procede, da ordenanza reguladora da convivencia e de bo goberno no concello de Fisterra. Que maioría é necesaria para a aprobación inicial da devandita ordenanza?

- a) Maioría simple dos membros presentes.
- b) Maioría absoluta do número legal de membros da corporación.
- c) 2/3 do número legal de membros da corporación.

14ª) Se o Alcalde-Presidente do concello de Fisterra, quere convocar un pleno extraordinario urxente, coa finalidade de aprobar o proxecto de rehabilitación do pavillón polideportivo municipal incluído no POS 2022 da Excema. Deputación Provincial, cal sería o primeiro punto a tratar na sesión extraordinaria urxencia convocada?:

- a) Proposta de aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.
- b) Ratificación do carácter urxente da convocatoria.
- c) Proposta de aprobación, se procede, do proxecto de rehabilitación do pavillón polideportivo municipal incluído no POS 2022 da Excema. Deputación Provincial.

15ª) De cantos membros se integra a Xunta de Goberno Local do concello de Fisterra:

- a) Do alcalde e un concelleiro.
- b) Do alcalde e dous concelleiros.
- c) Do alcalde e tres concelleiros.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

16ª) Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En todos os municipios: alumbrado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

b) En todos os municipios: alumbrado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas e biblioteca pública.

c) En todos os municipios: alumbrado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, biblioteca pública e protección civil.

PREGUNTA RESERVA

2º) O Sr. Alcalde-Presidente está de baixa por Incapacidade Temporal (IT), polo que non vai poder realizar as súas funcións mentres dure esta situación. Quen o substitue?

a) Os compañeiros do seu partido, substitúen, pola orde establecida na lista con que concorreron ás eleccións, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ao Alcalde.

b) Os tenentes de alcalde substitúen, por orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ao Alcalde, sendo libremente designados e removidos por este, de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non existe, de entre os concelleiros.

c) Calquera das respostas anteriores son válidas, xa que o Alcalde pode nomear a discreción quen o vai a substituir, sen rendir contas a ninguén.

RESPOSTAS

1	-	B
2	-	C
3	-	C
4	-	B
5	-	C
6	-	A
7	-	C
8	-	B
9	-	A
10	-	C
11	-	A
12	-	A



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

13	-	A
14	-	B
15	-	C
16	-	A

RESERVAS

R1	-	A
R2	-	B